



Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos

Dª. Lucía Lavandeira Gorgoso, con DNI 33543632H, e con domicilio en Lugo, Lugar Coeses, Ventosiños, 5, como aspirante do proceso de selección dun/dunha orientador/a laboral publicadas bases e a oferta sinalada na propia web do Concello o 23/08/2019,

PRESENTA

ALEGACIÓNS CONTRA O RECURSO DE ALZADA RE15343 presentado o 23/09/2019 no rexistro do Concello de Monforte de Lemos, contra as bases e o resultado do PROCESO DE PRESELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA ORIENTADOR/A LABORAL (A2) Ó ABEIRO DA ORDE DO 10 DE XANEIRO DO 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2019, interposto pola aspirante dona ANGELA GARCIA CIVEIRA.

E EXPÓN

1. Que o punto 4 das bases sobre o proceso de selección do Concello (“4.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO”) é contradictorio respecto ao artigo 12 apartado 2 da propria Orde de 10 de xaneiro anteriormente sinalada que di literalmente...:


“Una vez realizada dicha preselección, la entidad remitirá al Servicio de Orientación Laboral de la Dirección General de Orientación y Promoción Laboral el currículo acreditado de la persona seleccionada. El personal de dicho servicio evaluará el currículo presentado de acuerdo con el siguiente baremo...”

Co cal non se remiten tres currículums, senón que un, nin escolle o Servicio de Orientación Laboral, senón o propio Concello, e axustase o baremo, polo que a persoa coa puntuación máis alta de todas é a que debe ser contratada. Non existe outro criterio de selección.

2. Que en relación ao devandito punto 4 das bases sobre o proceso de selección do Concello, o Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Colocación, *¿en qué criterio obxectivo se basaría para escolher o currículo máis axeitado para o posto de traballo dentre os tres currículos con maior puntuación? ¿por qué é máis axeitado unha persoa con menor puntuación no baremo?*

A única forma de selección é por puntuación de curriculum, non existe outro criterio obxectivo que xustifique que se escolla e contrate unha persoa que ten a segunda maior puntuación en lugar de a que ten maior puntuación.

Polo que este apartado 4 das bases debe ser revisable polo propio Concello, adaptándoo a Orde na que se ampara, xa que é totalmente impugnable e anulable ao ser contradictorio da propria Orde do 10 de xaneiro.



3. En relación ao baremo polo que un participante pode ser ou non contratado, a forma de valorar as candidaturas non foi a axeitada, no caso particular de Lucía Lavandeira Gorgoso non se fixo valoración dos diferentes méritos, deixando varios documentos sen valorar, e non conseguindo polo tanto a puntuación mínima esixida de 3,5 puntos.

E presenta de forma concreta a valoración da súa candidata en función da documentación aportada co cal si obtería a puntuación esixida:

- ***Formación específica (máximo 3,5 puntos)***, non se puntúa

Aportase Curso de Creación e Consolidación de Empresas. Incyde. 309 horas, polo tanto 2,06 puntos (o autoemprego ou creación de empresas é unha materia relacionada co posto ofertado).

Aportase Curso de Igualadade de Oportunidades. Fesan. 150 horas, polo tanto 1 punto
Total este apartado= 3,06 puntos

- ***Experiencia profesional (máximo 4,75 puntos)***

Acredítase a través de contratos de traballo e no caso de autónomos alta IAE (CIRCE 2013) e facturas ano 2014 e 2015 en que consten os servizos prestados relacionados co posto (Asesoramento en temas de empregabilidade, Guía Networking, xestión de Bolsa de emprego, etc.)

Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe) 0,1 punto por cada mes

Presentanse contratos de traballo de Cecap Lugo e Certificado de funcións por todas as labores realizadas a maiores de administrativo (información e asesoramento sobre certificados de profesionalidade a usuarios e empresas, xestión de bolsa de emprego durante máis de dous anos).

Presentase no caso de autónomos alta IAE (CIRCE 2013) e facturas ano 2014 e 2015 en que consten os servizos prestados relacionados co posto como Técnico de Asesoramento ao Emprendedor en AJE Lugo, con certificado de funcións da empresa.

Presentanse contratos mercantiles como Docente de Formación Profesional para o Emprego, en cursos AFD principalmente (son políticas activas de emprego), impartindo diferentes cursos de INSERCIÓN LABORAL, e PROGRAMAS DE EMPREGO.

- ***Ámbito das TIC (máximo 2 puntos)***. Se puntúa 0,60 sin saber que se valora concretamente.

Non se valora o Master IT Desarrollo MDM en Entornos Virtuales, 900 horas (relacionado coa creación de contidos online web e formativos).

Acredítase a experiencia través de contratos de traballo de CECAP LUGO, Certificado de funcións de CECAP LUGO e no caso de autónomos alta IAE (CIRCE 2013) e facturas ano 2014 e 2015 en que consten os servizos prestados (xestión de redes sociais, e publicación de contidos na web relacionadas coa Bolsa de Emprego). 14 meses
Total se corresponden 2 puntos

- ***Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe)***.



Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...) (máximo 0,6 puntos nesta epígrafe). 0,2 puntos por cada curso

- Curso Ofimática, 190 horas, Consellería de Traballo, 0,2 puntos
- Curso Social Media Managment, 0,2 puntos (redes sociales)
- Curso SEO, 0,2 puntos (publicar contidos blogues)

Total se corresponden en cursos 0,6 puntos

- Experiencia TIC (máximo 1,5 puntos nesta epígrafe).

Experiencia acreditable na publicación ou xestión de espazos web ou perfís en redes sociais relacionados coa información, orientación e busca de emprego 0,25 puntos por cada seis meses.

Acredítase a través de contratos de traballo de CECAP LUGO, Certificado de funcións de CECAP LUGO e no caso de autónomos alta IAE (CIRCE 2013) e facturas ano 2014 e 2015 en que consten os servizos prestados (xestión de redes sociais, e publicación de contidos na web relacionadas coa Bolsa de Emprego). 14 meses

Puntuación que se correspondería 0,50 puntos

Puntuación Celga 4 ou equivalente debidamente homologado 0,25 puntos, valoración correcta.

SOLICITA

- Que se faga unha NOVA valoración da súa candidatura neste proceso, estudiando axeitadamente toda a documentación aportada e que conste na acta de preselección co Visto e Prace do Servicio de Orientación Laboral de la Dirección General de Orientación y Promoción Laboral.

- Que o apartado 4 das bases do proceso se revise polo propio Concello, adaptándoo a Orde do 10 de xaneiro na que se ampara, para que sexa totalmente válido e lexítimo, para non causar indefensión xurídica, nin discriminación algúnhha respecto aos participantes neste proceso, se hai un baremo debe respetarse.

- Que se xustifique motivadamente e públicamente o criterio obxectivo polo que o Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Colocación, escolle como máis axeitado o currículum dunha persoa con menor puntuación no baremo, dentro das tres con maior puntuación.

Lugo, a 30 de setembro de 2019

Fdo. Lucía Lavandeira Gorgoso